

# informa TEO

DEPORTES

## O contrato da piscina municipal da Ramallosa prolóngase ata xuño do 2022

A piscina municipal climatizada da Ramallosa, xestionada por Aquafit Gestión, continuará funcionando coas mesmas condicións actuais ata xuño do ano 2022. A instalación deportiva comezaba a funcionar o 19 de abril do 2013 e o contrato tiña unha duración de oito anos. O remate deste contrato de xestión coincidiu coa crise sanitaria da covid e con períodos no que as restricións sanitarias obrigaron a tela pechada.

Nas últimas semanas o Concello e a empresa xestora tiveron conversas para poder garantir a continuidade do servizo sen que isto supuxera un déficit económico para as arcas municipais. A normativa covid permítelle á empresa solicitar unha compensación polas perdas do estado de alarma decretado en marzo do ano pasado. Deste xeito Aquafit Gestión acordou pedir unha prórroga de 14 meses dende a finalización do contrato, que remataría o 18 de abril.

Unha vez valorada polos servizos xurídicos e económicos, a alcaldía leva esta proposta ao Pleno xa que se entende que é unha medida axeitada para garantir a continuidade do servizo, así como o mantemento do emprego actual. A xestión da piscina municipal tamén garante o funcionamento das piscinas descubertas dos Tilos e Luou. En relación con isto, dende o Departamento de Deportes, estase traballando para poder ampliar o espazo de praia na instalación de Luou. O verán pasado fíxose xa nos Tilos e agora, coas condicións



impostas pola covid-19 faise máis necesario para poder ofertar un servizo de calidade.

### Instalacións

A piscina municipal da Ramallosa conta cunhas modernas instalacións inauguradas hai oito anos. Ademais da propia piscina, onde se imparten cursos de natación para crianzas ou persoas adultas e tamén se pode usar de xeito individual, ten unha sala de fitness con zona de musculación, tonificación, adestramento funcional, estiramientos e de exercicio cardiovascular. A isto súmaselle salas de actividades dirixidas, pista de pádel ou o espazo be-cross. A oferta de actividades complétase con moitas clases dirixidas. Toda a información en <https://beone.es/centers/beone-teo> •

**O remate do contrato coa empresa Aquafit Gestión coincidiu coa crise sanitaria e agora acórdase a continuidade do servizo**

# As crianzas de Teo terán un Bosque Apego

**“Cada familia e crianza terá alí plantado un anaquiño da súa identidade”, explica a concelleira María López, impulsora da idea.**



A área de Lingua do Concello vén de crear o primeiro Bosque Apego nunha leira municipal, en Nespereira (Luou), para poder agasallar cunha árbore autóctona ás familias que teñan unha crianza. Esta iniciativa fíxose pública coincidindo co Día dos bosques, o 21 de marzo.

O programa Apego é un proxecto de socialización en lingua galega para as crianzas nos primeiros anos de vida. Co que se pretende crear unha comunidade lingüística e favorecer a aprendizaxe do galego con recursos e actividades.

En Teo damos un paso máis e con esta nova idea para vincular aos máis pequenos/as co seu territorio. O Bosque Apego terá unha continuidade no tempo, xa que, cada familia que teña unha nova crianza no concello e que desexe formar parte deste programa, deberá concertar unha breve entrevista co Servizo de Normalización Lingüística na que, ademais de explicar os contidos do programa Apego e de entregar os materiais de benvida deste, se lle agasallará co apadriñamento dunha árbore autóctona.

Nese intre, as familias inscríbense na listaxe de interesadas en ser chamadas para a plantación da súa árbore neste novo espazo de encontro.

Esta plantación realizarase en dous momentos do ano, coincidindo coas épocas óptimas de plantación, a comezos da primavera e o outono. Ademais, cada árbore será identificada co nome da crianza que a plantou.

“Bosque Apego será un espazo de comunidade na que as árbores autóctonas e as crianzas serán as protagonistas, xa que cada familia e crianza terán alí plantado un anaquiño da súa identidade” explica a concelleira María López, impulsora desta idea. Trátase dun proxecto que pretende vincellar o apego que cada persoa ten ao contorno natural, social e cultural no que vive, o cal está sempre interrelacionado coa contorna lingüística, para o cal o apego é tamén un sentimento necesario. Ademais será un espazo no que familias e crianzas teenses se relacionarán e terán sempre presente como propio, ao igual que ocorre co idioma.

A iniciativa forma parte do HabitaTeo, un programa de xestión dos espazos naturais do Concello que se recuperarán con criterios ecolóxicos e de conservación da natureza. O bosque formará parte desta rede, polo que será xestionado cos criterios de conservación deste programa.

Asemade, o Bosque Apego vai convivir con dúas rutas próximas: a ruta das Muiñeiras e unha senda peonil e ciclista que percorrerá o sur do municipio, o cal formará unha interesante simbiose, xa que as familias que vaian visitar “a súa árbore” ao bosque poderán realizar algún destes percorridos naturais e as sendeiristas serán sorprendidas na proximidade do camiño con este bosque •



## TURISMO A Batalla de Cacheiras, na voz dos 'Quinquilláns' no seu 175º aniversario



Neste 2021 conmemoramos o 175 aniversario da Batalla de Cacheiras, e para celebralo o Concello de Teo conta coa compañía de teatro Os Quinquilláns para que ao longo do verán realicen rutas dramatizadas para explicar este episodio que é parte da historia do noso concello e da comunidade galega.

No ano 1846 Montouto foi escenario dunha batalla que mudou Galicia. Foi o penúltimo capítulo dun movemento liberal, galeguista, provincialista, progresista e ata idealista e romántico que, a pesar da derrota, achegou a Galicia á modernidade. Estes acontecementos, constitúen o pilar da identidade do noso Concello. Este ano cúmprense 175 anos da batalla e lembráremola cun acto en Bamonde, lugar fundamental deste acontecemento.

O 23 de abril de 1846 enfrontáronse as tropas sublevadas do coronel Miguel Solís e as tropas enviadas dende Madrid dirixidas polo xeneral Gutiérrez de la Concha, que durmiron na reitoral de Bamonde.

E precisamente alí, en Bamonde, o 23 de abril deste ano lembraremos a historia coa axuda do profesor Guillermo González Raviña e do arquivista municipal, Pablo Sanmartín. O acto comezará ás 19:00 horas e para cumprir coas medidas de capacidade realizarase unha

**Ao longo do verán a compañía teatral realizará rutas dramatizadas para narrar este episodio da historia do concello de Teo e tamén de Galicia**

inscrición previa enviando un correo a [turismo@teo.gal](mailto:turismo@teo.gal). Dende Turismo deseñaron un acto que terá continuidade este verán xa que Os quinquilláns ofrecerán un adianto dos roteiros dramatizados sobre a Batalla de Cacheiras que se farán nas fins de semana dos meses de xullo, agosto e setembro.

Hai dúas propostas, unha para familias cun percorrido dende Reitoral de Bamonde ata o Recobio e outra para público xeral dende Bamonde ao mirador de Montouto, case 9 quilómetros. Os actores e actrices realizarán paradas nas que debullarán parte deste acontecemento histórico. A previsión é que estes rutas dramatizadas se realicen os sábados de xullo e agosto pola mañá e os domingos de setembro tamén en horario de mañá. Para anotarse abrírase a inscrición no mes de xuño •

# A cultura é unha das grandes protagonistas do mes de abril en Teo



Con motivo do Día do Libro  
o Auditorio Constante  
Liste acollerá a mostra  
'Os libros da nosa vida'

No mes de abril a cultura terá un papel destacado na axenda do Concello de Teo. O departamento de Cultura realiza unha aposta por eventos culturais nos que se priorizan as medidas de seguridade sanitaria. Así, entre o 1 e o 10 de abril o Auditorio Constante Liste continuará acollendo a mostra "Don Gaiferos polos camiños cara á Compostela", que se inaugurou no mes de marzo coa función de monicreques sobre este célebre peregrino. A exposición presenta un anaco do patrimonio cultural e humano sobre a Ruta Xacobeá grazas ao traballo da compañía teatral Kukas.

A mostra inclúe a instalación de monicreques con fíos e decorados da versión da obra "Don Gaiferos", estreada con motivo do Xacobeo 93, con deseños orixinais das diferentes versións da peza e ilustracións do cómic elaborado naquel ano por Marcelino de Santiago Kukas e Agustín de Castro (Gus) no que se narra a viaxe do peregrino francés polo Camiño. As persoas que visiten a exposición poderán levar de agasallo un exemplar da reedición desta interesante obra de banda deseñada.

## Exposición 'Os libros da nosa vida'

Entre os días 19 e 24 de abril o Auditorio Constante Liste, para celebrar o Día do Libro, acollerá a exposición "Os libros da nosa vida". A mostra propón unha viaxe por algunhas obras que acompañaron a distintas xeracións e a relación que estas tiveron con elas. Está formada por unha pequena escolma de libros pertencentes ás nosas bibliotecas, que consideramos significativos na formación de persoas lectoras ó longo dos últimos anos. Trátase pois

dunha restrospectiva que buscar espertar a curiosidade e a nostalgia.

Paralelamente realizarase unha solta de libros no Auditorio Constante Liste. Estará formada por libros doados ás nosas bibliotecas e que por adecuación ás coleccións ou duplicidade non pasarán a incorporarse ós nosos fondos. Estes libros poderán levarse de balde. As soltas serán o venres 23 de 17:00 a 19:00 h e o sábado 24 de 11:00 a 14:00 h.

## Concurso de marcapáxinas

O servizo das Bibliotecas Municipais de Teo, convoca o I Concurso de marcapáxinas das Bibliotecas Municipais de Teo. O obxecto deste concurso é o fomento da lectura e promoción das bibliotecas. Está dirixido aos nenos e nenas e adolescentes do concello, que comunicarán a través da súa expresión e creación artística as súas vivencias, intereses e emocións arredor da lectura, dos libros ou das propias bibliotecas. Poderán concursar todos os nenos e nenas que estean empadroadas no Concello de Teo, e estableceráanse categorías por idades. As obras presentaranse nos modelos en cartón deseñados para tal fin, que se atopan nas Bibliotecas Municipais onde se poderán recoller, así como nos que se repartirán nos centros escolares do concello. Haberá flexibilidade á hora de elixir o tema, sempre que garde relación coa lectura e poderase empregar a técnica que se prefira sempre e cando poidan ser reproducidas. O prazo de presentación fíxase entre o 29 de marzo e o 9 de abril. A entrega terá lugar nos centros educativos ou nas biblioteca e o premio será un lote de libros por categoría •

## O parque infantil de Cacheiras prepárase para recibir a cativada

**Neste espazo para nenos e nenas tamén se están a instalar carteis informativos sobre a capacidade e as normas COVID**

A Concellaría de Servizos Básicos, dirixida por José Manuel Elías, vén de cambiar o parque infantil de Cacheiras, diante da urbanización As Torres. Trátase dun espazo que se actualizou e modernizou con chan de caucho e novos elementos para o xogo das crianzas de ata 12 anos.

O espazo agora conta con dúas randeiras, unha delas para bebés, un tobogán e dous balancíns. Ademais o perímetro está pechado cunha valado de madeira de cores.

Segundo explican dende a Concellaría, o cambio era moi necesario xa que as pezas de xogo anteriores estaban en estado ruinoso, con perigo para nenos e nenas.

Dende esta área están traballando no mantemento doutros espazos de xogo para que a maioría deles poidan estar preparados para a chegada da primavera e verán para que os nenos e nenas da localidade poidan aproveitar o bo tempo.



### Cartelaría COVID

Asemade tamén se están colocando carteis informativos en todos os parques infantís nos que se especifica a capacidade de cada un deles para cumprir coa normativa COVID. Do mesmo xeito, lémbrense as medidas de autoprotección que hai que cumprir como o uso de mascarillas os/as nenos/as maiores de 6 anos, a distancia social así como a hixiene de mans. Dende esta Concellaría tamén se estivo facendo traballo de mantemento en varios espazos deportivos e xa se vai preparando a campaña de rozas anual •

## Melloras no viario de Eo dos Ferreiros, Eo dos Menecos e Laña

Dende Urbanismo comezaron a executar accións de mellora do viario municipal en Eo dos Menecos, Eo dos Ferreiros e Laña, en Oza. Trátase dunha obra cun custo que se achega aos 100.000 euros e que está financiada a través do POS+ Adicional con fondos da Deputación da Coruña e do propio Concello.

Segundo explica Uxía Lemus “é un estrada municipal que tiña o firme moi deteriorado polo paso do tempo e era moi necesaria esta actuación”.

Os traballos comezan pola limpeza das gabias para logo estender unha nova capa de aglomerado asfáltico de 6 centímetros sobre a base anterior. Tamén se van levantar as tapas de rexistro e alcantarillado e ao remate dos traballos realizarase a sinalización horizontal mediante pintura termoplástica branca ou amarela •



**”É unha estrada municipal que tiña o firme moi deteriorado polo paso do tempo”, explicou Uxía Lemus**

## O Concello visibilizará o día mundial do autismo co 'TEO co TEA'



O día 2 de abril celébrase o Día Internacional para a Concienciación sobre o Autismo, e dende a Concellaría de Educación e Cultura en colaboración da Asociación BolboreTEA Familias Teenses para a Neurodiversidade presentan a campaña "TEO co TEA, para visibilizar e normalizar na sociedade a realidade das persoas dentro do espectro autista.

No marco desta campaña vanse incluír pancartas de visibilización, no edificio do Concello e nos centros educativos. e tamén se preparan charlas informativas para crianzas e profesores impartidas por Aspanaes.

A Concellaría de Educación ademais incluírá pictogramas en semáforos e pasos de peóns coa colaboración de ARASAAC, con estes pictogramas búscase axudar de forma visual ás persoas con autismo xa que deste xeito a súa comunicación é máis sinxela. Este tipo de sinalización tamén é moi útil para persoas con dificultades cognitivas ou da terceira idade.

Esta campaña terá continuidade durante todo o ano co obxectivo de que se coñeza e se afonde máis na realidade destas persoas que en moitas ocasións é tan incomprendida en xeral pola sociedade.

## Benestar pon o foco na inserción laboral das persoas con autismo

**Podo APRENDER. Podo TRABALLAR**



A Concellaría de Benestar conmemorará o Día Mundial de concienciación do autismo co foco posto na inserción laboral das persoas con autismo. Así, no marco desta campaña de vise iluminar a fachada da Casa do Concello, tamén se difundirán vídeos dun minuto de du-

ración de persoas relacionadas co autismo, e dárase visibilidade en redes sociais da campaña. Asemade, o Servizo Municipal de Atención Temperá porá en marcha un programa de detección temperá de discapacidades e de reforzo de colaboración coas escolas infantís.

# A campaña para capturar vespas velutinas intensifícase estes meses

A campaña de prevención e control da vespa velutina pon o foco no período que comprende de marzo a maio pola importancia de capturar as raíñas e evitar que constrúan niños. Por iso, entre marzo e abril o Concello de Teo realiza o reparto de doses de líquido atraente contra velutina para que as persoas particulares poidan realizar trampeo nas súas propiedades. As entregas terán lugar todos os sábados do mes de abril na nave de Protección Civil en Lucí en horario de 09:00 a 14:00 horas.

**A entrega do líquido atraente será de balde, só para as persoas empadroadas en Teo**

A entrega é de balde, se ben só se realizará a persoas empadroadas en Teo. Entregaráselle á veciñanza do municipio polo que se pedirá o DNI ou algún documento que xustifique a residencia.

Dende o Servizo de Protección Civil valórase de xeito moi positivo o efecto que ten este reparto para minimizar a presenza dos niños desta especie invasora e perigosa. Co reparto do atraente facilítase que as persoas particulares elaboren as súas propias trampas para os seus xardíns e vivendas. As raíñas fundadoras desta especie invasora saen durante estas semanas da fase de hibernación na que estiveron durante o inverno. É por tanto unha tempada crucial para instalar as trampas, posto que por cada exemplar que se capture impedirase a posterior formación de niños primarios e secundarios.

En paralelo, o persoal de Protección Civil colocarán trampas nestes meses en zonas públicas para mellorar a campaña de control da velutina.



O ciclo biolóxico da especie, que pode variar segundo a climatoloxía do ano, fai que durante marzo e abril as raíñas fundadoras de nespra velutina vaian despertando. A partir de maio constrúen os niños primarios. Durante o verán os esforzos céntranse xa na destrución dos niños. Coa chegada do outono é un novo trampeo, na fase de reprodución, previa á morte das raíñas nais, as obreiras e os machos.

Lémbrese que para avisar da presenza de niños de nespra velutina debe chamarse ao teléfono 012 da Xunta de Galicia •

Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

CON QUE DEREITO SE NOS OBRIGA A DEPENDER A LINGUA DE CASTELA E NON SE OBRIGA AOS CASTELÁNS A DEPENDER A NOSA?



En abril  
saen o cuco do cubil

A primavera é a época do ano na que chega esta ave estacionaria, escoitar o seu canto é sinal de bos augurios. Adoita cantar na alborada; e se facemos o exercicio de escoitalo?!

FALAMOS

UNHA SECCIÓN PARA  
COIDAR A NOSA

LINGUA

# AXENDA

Abril de 2021



Martes

Servizo de asesoramento eléctrico no Salón de Plenos de 10:00 a 12:00 horas

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado nos Tilos.

**1-9** De 10:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h. **Concurso de marcapáxinas das Bibliotecas de Teo** de 3 a 17 anos. Centros educativos do Concello e nas Bibliotecas Municipais.

**1-10** De 11:00 a 14:00 h e dende o luns 5 de 09:00 a 14:00 h e 17:00 a 19:00 h **Exposición Don Gaiferos polos camiños cara á Compostela** de Os Monicreques de Kukas. Exposición escénica de monicreques de fíos e decorados da versión da obra «Don Gaiferos» estreada para o Xacobeo 93 con deseños orixinais das diferentes versións da peza e do cómic editado aquel ano. Auditorio Constante Liste.

**2** Venres. **Presentación da campaña TEO CO TEA** polo Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo.

**5** Luns. A partir desta xornada iniciase o prazo para inscribirse ás sesións da **Escola Ecoloxista de Mocidade**. A inscrición debe realizarse a través do envío dun correo a mocidade@teo.gal. As sesións terán lugar os días 10 e 24 de abril entre as 11:00 e as 13:30 horas. Para mozos e mozas de 12 a 18 anos.

**12** Luns. Apertura do prazo de inscrición para o **obradoiro de Educación afectiva e sexual** que terá lugar entre os días 4 e 25 de maio na Casa Común de Oza. Para anotarse chamar ao 981 938 475 ou escribir a cim@teo.gal

**17** Sábado. 11:30 h. **Ruta Apego Coñecendo a flora do Ulla**. Inscricións dende o 5 de abril en lingua@teo.gal. Ruta Apego Pontevea-Burga de Xermeade

**19** Luns. 09:00 a 14:00 horas. Inauguración da **Exposición de libros da nosa vida**. A

mostra estará aberta ao público ata o día 24 de abril, e nesta última xornada o horario de visita será de 11:00 a 14:00 horas. Auditorio Constante Liste.

**23** Venres. Presentación da **Campaña Abre, entra e le** en colaboración co tecido asociativo e os distintos centros para celebrar o Día do Libro.

Solta de libros na Exposición libros da nosa vida. As persoas que asistan á exposición poderán levar un libro de entre os que están na solta de libros. O día 23 de 09:00 horas a 14:00 horas e de 17:00 a 19:00 h, e o día 24 pola mañá de 11:00 a 14:00 h. Auditorio Constante Liste.

19:00 h. Celebración do **175 Aniversario da Batalla de Cacheiras**. Bamonde.

**27** Sábados. 09:00 a 14:00 horas. Reparto de líquido atraente de velutina todos os sábados de abril na nave de Protección Civil en Lucí. O obxectivo é que as persoas particulares fagan trampeo nas zonas privadas. A entrega é de balde, se ben só se facilitará ás persoas empadroadas en Teo. Entregaráselle á veciñanza do municipio polo que se pedirá o DNI ou algún documento que xustifique a residencia.